



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA SEIS DE MAIO DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, Dª. María Rebeca Fernández Martínez, Dª. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, Dª. Marta Pérez Lage, Dª. Rosario Canoura Labayén, D. José Antonio Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**SECRETARIA**

Dª. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas do día seis de maio do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, Dª. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declarase aberto o mesmo.

**1º.- RATIFICACIÓN DA URXENZA DA CONVOCATORIA.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, proponse aos Concelleiros integrantes da Corporación a ratificación da urxencia da Convocatoria, motivada na necesidade de aprobar inicialmente unha nova Ordenanza para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móvil, persoal e outros servizos de telecomunicación e difusión, fundamentada no acordo da sesión precedente de deixar sen efecto a aprobación inicial da Ordenanza aprobada no ano 2002 e o interese en declarar a suspensión da tramitación do outorgamento de licenzas nesta materia.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda ratificar a urxencia da convocatoria.

**2º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA INSTALACIONES E FUNCIONAMENTO DE TELEFONÍA MÓBIL PERSONAL E OUTROS SERVICIOS DE TELECOMUNICACIÓN E DIFUSIÓN.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, expoñense someramente as diferenzas entre o texto que agora se propón aprobar inicialmente e o que se aprobase inicialmente en abril do ano 2002, e do que se deixou sen efecto dita aprobación inicial na sesión extraordinaria precedente, indicando a seguir que se fixan outras distancias mínimas para a instalación de ditas antenas de 300 mts. respecto ás vivendas e de 1000 metros dos Colexios e parques, sinalando que se modifica tamén a referencia á normativa legal que ven determinada, entre outra, pola promulgación da Lei 9/2002, de 20 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, mo-



dificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, que establece unha nova denominación na clasificación das distintas clases de Solo para, finalmente, resenar que a redacción da Ordenanza do Concello de Foz parece que se adapta mellor á realidade de Viveiro.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

1ª.- A do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que expón que o seu grupo non tivo tempo de estudar o dito texto, aínda que dí que o que viron é unha distancia excesiva respecto ás vivendas e aos Centros de Ensinanza polo que queren estudar a repercusión que poden ter as instalacións desta clase que se leven a cabo nun futuro, facendo notar que a distancia de 300 metros respecto ás vivendas, condicionaría os terreos situados dentro desa distancia que non serían edificables polo que, conclúe, propoñendo se estude máis este asunto.

2ª.- A seguir, o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, dí que o que se trata é de que cando máis alonxadas se atopen estas instalacións das vivendas más conveniente será.

3ª.- A do Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que dí que lembra que no lugar de Casanova, en Celeiro, existen tres antenas, unha delas sen licenza e que funcionou durante un tempo cun grupo electróxeno, causando molestias aos veciños. Que igualmente existen en Boimonte e en Vieiro e que cómpre regular esta cuestión, facendo notar que o texto desta Ordenanza é case idéntico ao da FEGAMP. Que o artigo 11 ten unha pequena modificación respecto ao texto orixinal e que, efectivamente, o artigo 12 é distinto sutancialmente ao aprobado en abril de 2002, pero que supón un beneficio, cré, para o Concello. Que se pode discutir o das distancias pero insiste que o que se trata é de que estas Operadoras que ingresan moitos cartos compartan espazo ou ben as coloquen de xeito que non estropeen a paisaxe como o fan noutros países para, concluir, facendo un chamamento para que se aprobe, por unanimidade.

4ª.- A do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que indica que no ano 2002 el abstívose na aprobación inicial, aínda que lembra que se felicitaba porque había unha Ordenanza que efectivamente como sinala o Voceiro do PP pode afectar a terreos pero que cómpre darlle unha solución ás situacións creadas e que aínda que se abstivo no 2002 e agora non se propoñen 800 mts., vai votar a favor.

O Sr. Alcalde, en contestación, expón que nambas as dúas Ordenanzas se establece un Plan de Desenvolvemento e que se non se leva a cabo este, podería pasar a situación que expón o Partido Popular, facendo notar, a seguir, as diferencias de distancias que existen entre as vivendas e outras edificacións.

Nunha segunda quenda, prodúcense as intervencións seguintes:

1.- A do Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, que dí que se as Ordenanzas son tan similares non sabe porque algúns grupo político se opuxo á anterior Ordenanza e que agora se atopan a favor desta. Que considera que se teñen que establecer as distancias mínimas esixidas pola Lei porque outras non teñen razón de ser legal nin fundamento urbanístico ningún; polo que por todo isto e xa que dí, é un asunto falado e que dificultou a resolución da alegación presentada por Telefónica Móviles é polo que non se aprobou definitivamente a outra Ordenanza.



2.- A do Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, que expón que a Ordenanza se levou ao Pleno no ano 2002 despois de que o seu grupo o solicitase varias veces. Que durante o período desa exposición pública soamente se presentaron dos textos de alegacións: a citada de Telefonía Móviles ten e a do BNG e que nalgún día se ten que regulamentar, ademáis de considerar que non se pode estar sen ordenación. Que a distancia reflectida na que aprobou o PP era unha distancia mínima (paralelepípedo) e que o Plan Xeral de Ordenación Municipal ou/e as N.S.P.M. terán que determinalo igualmente.

3.- A do Concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, dicindo que é necesario regulamentar pero tamén pódese causar dano aos propietarios de terreos.

Nunha nova intervención do Voceiro do PP manifesta que non se desvíe o debate pois eles non defenden ás Telefonías, senón aos propietarios. Puntualizando, a seguir, o Voceiro do BNG que non se hipotecan os terreos, pois pódese determinar retirar unha instalación se se pretende construir, indicando, a continuación, o Sr. Alcalde que esta Ordenanza evita que perdan valor as propiedades que se atopan construídas e que loxicamente operadoras de telefonía móvil non se benefician con estas Ordenanzas e que por ese motivo as recorren.

Obrando no expediente o informe emitido pola Secretaría do Concello, procése a efectur a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de 9 votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e 8 abstencións (PP), acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móvil persoal e outros servizos de telecomunicación e difusión.

**SEGUNDO.-** Dar traslado ao departamento de Urbanismo e contratación para a publicación do Edicto no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de trinta días para a presentación de alegacións.

**TERCEIRO.-** Entender aprobada definitivamente a dita Ordenanza senón se presentan reclamacións, unha vez publicado o texto íntegro da mesma e trascorrido o prazo de dez días desde esta publicación.

**3º.- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DO PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA A INSTALACIÓN DE TELEFONÍA MÓBIL PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓN E DIFUSIÓN.**

Polo Sr. Alcalde proponse a suspensión do outorgamento desta clase de licenzas polo prazo de seis meses.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que manifesta que non consideran legalmente doada a suspensión das licenzas por non tratarse dunha ordenanza urbanística.

Por Secretaría dáse lectura do informe emitido que, literalmente, dí:

**“INFORME DE SECRETARÍA**



Se propone al Pleno de esta Corporación (6-05-2005) la resolución de las alegaciones que se presentaron en su día a la aprobación inicial efectuada en sesión plenaria extraordinaria de 5 de abril de 2002 de la Ordenanza municipal para la instalación y funcionamiento de instalaciones de telefonía móvil personal y otros servicios de telecomunicaciones y de difusión, así como la aprobación definitiva, si procede de la misma.

Estudiados los referidos asuntos en la Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras y Medio Ambiente en la sesión celebrada en el día de ayer –5 de mayo de 2005- ésta, por mayoría de los asistentes y con la abstención del Concejal del Partido Popular, Sr. Solla Díaz, previa exposición de las nuevas propuestas por la Alcaldía, así como el informe emitido verbalmente por la Secretaría del Ayuntamiento, que comparece en la sesión a petición de los miembros de la misma y que manifiesta que por tratarse la citada aprobación inicial de un acto de trámite, que no pone fin al procedimiento administrativo y por tanto no es susceptible de interposición de recursos, dictamina: **Dejar sin efecto la citada Ordenanza, tramitar la aprobación de una Ordenanza que se ajuste a la normativa en vigor, tomando como base el texto de la Ordenanza aprobada por el Concello de Foz, así como acordar la suspensión del otorgamiento de licencias de obra para esa clase de instalaciones.**

Planteada por la Alcaldía la necesidad que urge de contar con regulación municipal en esta materia, indicando la alarma vecinal producida en una parroquia de este Municipio en la que se pretende efectuar una instalación de las características que son objeto de esa Ordenanza se considera por el Alcalde-presidente que con posterioridad a la finalización de la sesión extraordinaria del Pleno de esta Corporación convocada para el día de hoy –6 de mayo- a las diecinueve horas, se celebre una sesión extraordinaria y urgente del Pleno para aprobar inicialmente la citada Ordenanza según texto de la aprobada en el Concello de Foz, con las correcciones y enmiendas que sean precisas tanto por razón de modificaciones normativas como por otras cuestiones.

### **LEGISLACIÓN APLICABLE**

En cuanto a la posibilidad de suspender el procedimiento de otorgamiento de licencias de instalación de telefonía móvil que se propone la regulación legal existente en materia de suspensión de licencias de obra es la que se contiene en el artículo 77 la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y protección del medio rural de Galicia, que literalmente dice: “**Artículo 77.- Suspensión de licencias.**

Los órganos competentes para la aprobación inicial de los instrumentos de planeamiento urbanístico podrán acordar la suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias de parcelación de terrenos, edificación y demolición para áreas o usos determinados, a fin de estudiar su formación o reforma.

Dicho acuerdo habrá de publicarse en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia.

2. El acuerdo de aprobación inicial de los instrumentos de ordenación determinará, por sí solo, la suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias en aquellos ámbitos del territorio objeto de planeamiento cuyas nuevas determinaciones supongan la modificación de la ordenación urbanística vigente; a estos efectos, determinará las áreas afectadas por la suspensión.

3. La suspensión a que se refiere el número 1 anterior se extinguirá, en todo caso, en el plazo de un año. Si dentro de ese plazo se hubiera producido acuerdo de aprobación inicial, la suspensión se mantendrá para las áreas cuyas nuevas determinaciones de planeamiento supongan modificación de la ordenación urbanística.



La suspensión determinada por la aprobación inicial tendrá una duración máxima de dos años a contar de dicha aprobación y en cualquier caso se extinguirá con la aprobación definitiva del planeamiento.

..."

Por todo esto, el órgano competente para la aprobación inicial de un instrumento de planeamiento urbanístico puede acordar la suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias de edificación, a fin de estudiar la formación de ese planeamiento o su reforma, artículo 77.1. Haciendo notar la informante, que la redacción de este artículo, que más arriba se ha trascrito literalmente, es clara al vincular la suspensión del otorgamiento de las licencias a los actos de preparación o aprobación del planeamiento urbanístico, por lo que estima que la aprobación inicial de esta Ordenanza, no conlleva fundamento legal –per se- para acordar la suspensión.

Este acuerdo de suspensión será preciso vincularlo a la formación o reforma de un instrumento de planeamiento urbanístico, es decir modificando las ordenanzas de las N.S.P.M. de este Concello y en la normativa que afecta a estas instalaciones en el documento que se redacta del Plan General de Ordenación Municipal.

La nueva redacción de la Ley 7/1985, de 2 de abril, dada por la Ley 11/1999, de 21 de abril, establece en su artículo 47.2 apartado II), que se requiere el voto favorable de las terceras partes del número de hecho y, en todo caso la mayoría absoluta del número legal de miembros en los acuerdos que corresponda adoptar a la Corporación en la tramitación de los instrumentos de planeamiento general previstos en la legislación urbanística.

En cuanto al procedimiento de tramitación de esta Ordenanza, será el establecido en los artículos 65.2 y 70.2 de la Ley 7/185 ya citada, de aprobación incial por el Pleno de la Corporación, exposición al público mediante edictos en el BOP y tablón municipal por el plazo de treinta días para presentación de alegaciones, resolución de éstas si las hubiere y aprobación definitiva del texto resultante para su entrada en vigor a los quince días de la publicación completa del texto en el Boletín Oficial de la Provincia.

Por lo que se refiere a la celebración de la sesión extraordinaria y urgente, el Sr. Alcalde determinará el orden del día de la sesión, en función de los acuerdos que se adopten en la sesión extraordinaria precedente, sin olvidar que el primer punto del orden del día tiene que ser la ratificación de urgencia de la convocatoria."

A seguir, intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que dí se pode adoptar esta acordo se se vai a proceder a facer unha modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e incluir no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Nunha nova intervención do grupo do PP, o Concelleiro, D. José Joaquín Gayoso Roca, dí que non teñen problema en aprobar esta proposta aínda que ten que indicar que o título da Ordenanza refírese a outros servizos de telecomunicación e difusión e podería pensarse que afecta aos proxectos de telecomunicación que van anexos aos proxectos das licenzas de obras; ao que o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, puntualiza que na solicitude de licenza deste tipo de instalacións ten que constar a autorización da Comunidade de Veciños no caso desta clase de vivendas.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete), acorda:



**PRIMEIRO.-** Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de instalacións de telefonía móvil persoal polo prazo de seis meses, cara a reforma das NSPM e a súa inclusión no proxecto do PXOM.

**SEGUNDO.-** Dar traslado ao departamento de Obras e contratación, para a publicación de Edicto desta suspensión no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.